

AS LINGUAS NA PENÍNSULA IBÉRICA.

1-. España plurilingüe, a pesar da represión e negación.

España é un estado, nación e/ou país plurilingüe e multicultural, cuxa identidade nacional pasa por admitir e preservar esa diversidade ou por negala. Durante os Séculos Escuros (s. XVI e XVII) iniciouse un proceso de unificación política de España como estado que en tempos do imperialismo e colonialismo supuña un proceso de eliminación, ataque sistemático da cultura e linguas diferentes da castelá.

No século XVIII, os Borbóns perpetuaron esa política lingüística e cultural homoxeneizadora que obviaba a realidade diversa dun territorio cunha historia rica e complexa e cunha realidade lingüística múltiple; neste caso e dentro do Despotismo Ilustrado, lexislaron a inconveniencia da diferenza lingüística e cultural en España. Paradoxicamente é tamén nese século mais da man dos ilustrados e co empirismo e o saber como únicas vías de achegamento á realidade que comeza a reivindicarse a existencia da cultura, lingua e historia galega, así como a denunciar a súa ocultación e marxinação (o padre Feixóo e Frei Martiño Sarmiento)

O legado dos ilustrados Feixóo e Sarmiento, influiría no Rexurdimento cultural, iniciado por Rosalía e cuxos expoñentes foron: Murguía, Alfredo Brañas, Curros e Pondal. Con eles, combátense os estereótipos dunha Galicia horrible, cunha poboación embrutecida e ignorante e unha lingua que se concibía como a mostra de falta de intelixencia, de non saber falar; se ben era a lingua maioritaria da poboación. O galego servía para a cultura, especialmente a poesía, para cantar a beleza da paisaxe, costumes e personalidade galegas e tamén para denunciar a inxustiza á que se vía sometida.

No inicio do s. XX, fúndase a RAG que ten como obxectivo preservar e defender a lingua. Coas Irmandades da Fala, 1916-1931, e logo co Partido Galeguista 1931-1936, reclámanse dun xeito total en diferentes ámbitos mediante o asociacionismo cultural primeiro, e logo político, a normalidade de usos para o galego e o seu recoñecemento como lingua oficial. Haberá que esperar máis de medio século, á democracia española para acadar ese recoñecemento e a visión de lingua apta para todas as situacións. Antes a Ditadura de Primo de Rivera e a ditadura franquista desde a súa raíz autoritaria e fascista exercen unha represión atroz e contundente contra a diversidade lingüística e cultural que se saíse fóra do meramente folclórico. No momento de xeralización da educación e dun absoluto control da poboación por parte da relixión, o galego desaparece das institucións a golpe de violencia intrínseca ao réxime militar.

A pesar destas políticas represoras sistemáticas de uniformización lingüística e cultural, como dixo Castelao “sodes uns colonialistas fracasados” pois a lingua galega e a cultura propia perviviu na poboación malia a castelanización da toponimia, da perda de usos culturais ou institucionais, da prohibición no ensino ou no ámbito comercial, da censura. En 1975 e tras 500 anos de represión cultural e unha ditadura fascista de 40 anos, a lingua galega era a lingua maioritaria de Galicia e contaba cunha porcentaxe de falantes entre a súa poboación bastante maior á do éuscaro e catalán.

2-. A realidade plurilingüe de Península Ibérica.

Exceptuando o éuscaro, que nin sequera pertence á familia lingüística indoeuropea, as linguas que se falan de xeito natural e histórico en España proceden do latín. Son linguas romances, neolatinas ou románicas que xurdiron ao redor do século IX e que se expandiron cara ao sur peninsular, territorio dominado polas falas mozárabes (mestura de latín e árabe) xunto co proceso de Reconquista.

https://gl.wikipedia.org/wiki/Lingua_castel%C3%A1#/media/Ficheiro:Linguistic_map_Southwestern_Europe-en.gif

O galego e o portugués foron o mesmo idioma durante máis de 500 anos: o galego-portugués. Foi no s. XVI cando se deron as principais diferenzas (aparición da interdental, perda das sibilantes sonoras, gheada, pronomes ti e che, castelanización do léxico). Aínda así, para moitos lingüístas o galego e o portugués poden

ser consideradas a mesma lingua e desde logo o galego pode formar parte do que se coñece como lusofonía. O portugués é a lingua maioritaria e oficial de Portugal e foi levada a diferentes partes do mundo debido á historia colonial do país o que a converteu na 6ª lingua máis falada. Fálase en Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea Bissau, Angola, Mozambique, Guinea Ecuatorial, Santo Tomé e Príncipe e Timor Oriental. Os vínculos culturais e lingüísticos entre estes países é o que se coñece como lusofonía. A necesidade de propulsar o achegamento entre a lingua e cultura galega co portugués e as culturas lusófonas quedou recollido na Lei Valentín Paz Andrade. Portugal recoñece tamén como oficial o mirandés, que é o leonés ou bable que se fala en Miranda do Douro, localidade do norte próxima á fronteira.

En España fálanse 8 linguas: castelán, galego, bable, éuscaro, aragonés, aranés, catalán e valenciano. O bable (Asturias e León) e aragonés (norte de Huesca) non son recoñecidas como oficiais nos seus respectivos Estatutos de Autonomía, por iso mesmo e polo escaso número de falantes, son consideradas linguas en perigo. O resto de linguas teñen a consideración de oficiais nos seus territorio e nos seus Estatutos de Autonomía.

A Constitución española, 1978, recoñece España como un estado plurilingüe no artigo 3, cuxa lingua oficial é o castelán xunto coas que así sexan recoñecidas polos Estatutos de Autonomía. Así pois contamos con 7 linguas oficiais en España. Cataluña conta con 3 linguas oficiais: castelán, catalán e aranés. A Constitución española recolle o deber de coñecer e o dereito de usar o castelán. O Estatuto de Autonomía galego, 1981, recoñece Galicia como unha nacionalidade histórica e o galego como oficial, mais só o dereito de coñecelo e usalo. A Lei de Normalización lingüística de 1983 regula a recuperación e presenza do galego en diferentes institucións e recoñece o galego como a lingua propia de Galicia (50% mínimo no ensino, prioritaria na administración e política e única na toponimia).

O GALEGO. Fálase en Galicia, e nas zona próximas á fronteira galega de Asturias, León e Zamora. Tamén é falado en 3 concellos de Estremadura, situados no Val de Ellas que foi repoboado con galegos, séculos atrás. Asemade, debido á importancia histórica da emigración, atópanse comunidades de falantes no exterior (Arxentina, Francia, Alemaña, Suíza, etc...). Por ese mesmo motivo ou outros, está presente en institutos e universidades estranxeiras. Máis de 2 millóns de persoas son galegofalantes <https://academia.gal/lingua/datos>

Apesa do amparo legal e das iniciativas de normalización do galego durante a democracia, o galego perde falantes entre a xente nova e nas cidades.

O ÉUSCARO OU VASCO. Fálase no País Vasco e nunha parte de Navarra, onde é oficial. Tamén se fala no País Vasco francés, no sur de Francia, mais non é oficial. Co éuscaro leváronse a cabo plans de normalización inmersivos nas ikastolas que aumentaron o uso de falantes entre as novas xeracións desde a democracia. O 33'9 % da poboación de máis de 16 anos é vascofalante bilingüe. <https://es.wikipedia.org/wiki/Euskera>

O CATALÁN E VALENCIANO. O catalán fálase e é oficial en Cataluña, nas Illas Baleares, na Comunidade Valenciana (onde é valenciano). Tamén se fala, aínda que non é oficial, no leste de Aragón. Fóra do Estado español, o catalán tamén se fala e é oficial na cidade sarda de Alguer e en Andorra (de feito, é o único idioma oficial). Finalmente, fálase tamén, aínda que non é oficial no sur de Francia (na zona do Rosellón francés). Conta con case 10 millóns de falantes. Seguiu na democracia unha política lingüística de normalización semellante á nosa, mais cun maior apoio social e político que conseguiu aumentar falantes.

https://es.wikipedia.org/wiki/Idioma_catal%C3%A1n

O ARANÉS. fálase no Val de Arán, nos Pirineos, por uns 5.000 falantes. É unha lingua emparentada co occitano medieval do sur de Francia.

A Carta Europea das Linguas Rexionais, observa o plurilingüismo europeo como un patrimonio cultural a preservar e regula e vixía que así sexa. As linguas e os seus falantes contan con dereitos.

https://gl.wikisource.org/wiki/Carta_Europea_das_Linguas_Rexionais_ou_Minoritarias

BOS ENLACES PARA ESTE TEMA.

<https://sites.google.com/view/cadernodegalego3eso/1%C2%BA-trimestre/3-as-linguas-do-estado-espa%C3%B1ol>

<https://www.observatoriodalingua.gal/gl/paxina/lusofonia>

EXERCICIOS.

1-. Procura o que é o ECOLINGÜÍSMO e comenta a súa pertinencia.

2-. Comenta as seguintes noticias de xeito que inclúas datos e contido deste tema.

A) A Lei Paz-Andrade.

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2022/03/11/span-langgl-lei-paz-andrade-unha-oportunidade-galego-fica-ainda-caixonspan/00031647023680233396763.htm>

B) Galego en Londres.

<https://praza.gal/mundo/galego-en-londres-descubrir-galicia-nunha-aula-do-reino-unido>

C) Denuncia da Mesa pola Normalización Lingüística sobre as linguas oficiais na Lei do Audiovisual do Estado.

<https://www.galiciakonfidencial.com/noticia/183763-mesa-denuncia-estado-espanol-enfermo-desigualdade-tocante-linguas>

D) O uso do galego no parlamento español.

<https://www.nosdiario.gal/articulo/politica/uso-da-lingua-galega-provoca-que-deputados-vox-abandonen-pleno-do-congreso/20230919121524178014.html>

<https://www.tiktok.com/@galiciaviral/video/7280538301352791328>

<https://academia.gal/-/a-lingua-galega-no-parlamento-espa-c3-b1ol-declaraci-c3-b3n-do-plenario-da-real-academia-galega>

E) O uso da diversidade lingüística por parte da monarquía.

<https://praza.gal/politica/xohana-torres-coase-na-xura-da-constitucion-da-princesa-leonor-a-que-non-asistiron-seis-grupos-politicos>

3-. Analiza os datos de uso do galego e do catalán.